ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

FICHA DA ACTIVIDADE FORMATIVA
FC20027

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Os dereitos fundamentais na atención ás persoas en situación de vulnerabilidade social: evitar a discriminación, a aporofobia e o edadismo

CONVOCATORIA: Convocatoria de autonómico do 1º semestre

GRUPO: Consellería de Política Social e Igualdade

ÁREA: Consellería de Política Social e Igualdade: Política social

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	**PLAN:**	F. FINALISTAS	**HORAS:**	16
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	**ESTADO:**	CONVOCADO	**ANO:**	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	**TIPOLOXÍA:**	XERAL	**EDICIÓNS:**	1

DATA MATRÍCULA: Do 20/02/2020 - 08:00h ao 27/02/2020 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Esta acción formativa ten por obxectivo incrementar os coñecementos dos/as profesionais que desenvolven a súa actividade no ámbito dos sistemas públicos de protección social sobre os dereitos fundamentais na atención ás persoas en situación de vulnerabilidade social.

DESTINATARIOS

Persoal empregado público da administración autonómica, con preferencia do que participa na atención directa e/ou na xestión dos recursos e servizos dos sistemas públicos de protección social que atenden ás persoas e familias en situación de necesidade: servizos sociais (Consellería de Política Social), vivenda (IGVS), igualdade (SX Igualdade), educación (Consellería de Educación), sanidade.

PROGRAMA

1. Dereitos humanos/versus dereitos fundamentais.
2. Análise dos aspectos éticos e xurídicos fundamentais sobre a protección dos dereitos humanos.
3. Mecanismos de garantía dos dereitos das persoas.
4. As discriminacións, distintos tipos: coñecelas para busca das solucións: Discriminación estrutural, institucional, colectiva e individual.
5. As discriminacións por razón de; orixe étnico, nacionalidade, idade, discapacidade, xénero, de etnia, pobreza económica, relixión, orientación sexual
6. O racismo, a xenofobia, o edadismo, a aporofobia. Causas comúns e causas particulares dos distintos tipos de discriminación; causas individuais, grupais, culturais, sociais e económicas.
7. Consecuencias sociais, individuais e grupais das discriminacións.
8. A defensa da protección dos dereitos das persoas desde o sistema de servizos sociais.
9. O compromiso ético cos dereitos das persoas por parte dos profesionais do Sistema de Servizos sociais.
10. Choiva de ideas, dinámica grupal, sobre as posibles solucións ante os diversos tipos de discriminacións.

CRITERIOS DE SELECCIÓN
Terá preferencia o persoal que participa na atención directa e/ou na xestión dos recursos e servizos dos sistemas públicos de protección social que atenden ás personas e familias en situación de necesidade: servizos sociais (Consellería de Política Social), vivenda (IGVS), igualdade (SX Igualdade), educación (Consellería de Educación) e Consellería de Sanidade. A selección do alumnado farase de xeito equitativo, e decir, se así o permite o perfil das persoas solicitantes, selecionarase o mesmo número de alumnos/as de cada un dos sistemas de protección. Para o caso de que o número de persoas solicitantes que cumpran os criterios anteriores sexa superior ao número de prazas, utilizarase os criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO			
LOCALIDADE: Santiago de Compostela		**INICIO / FIN:** 26/10/2020 a 29/10/2020	
NUM. PRAZAS: 30	**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)		**DATA EXAME:** 29/10/2020 ás 19:30h
DOCENTES NOMEADOS			
Carmen Marcelina de la Sierra Vázquez LUIS BARREIRO CARBALLAL Asociación Ecos do Sur			
LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME			
AULA 5: Os días 26, 27, 28 e 29 de outubro de 16:30 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA **AULA 6:** Os días 26, 27, 28 e 29 de outubro de 16:30 a 20:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA			